

XADREZ

Inaugurando a colección Singulares que o Pen Clube reserva para textos que se saen do habitual, Helena Villar Janeiro ofrécenos *Pálpebra azul*, un poemario formado por haikus, esa forma poética xaponesa que consiste en condensar o sentimento, a beleza e o misterio en a penas dezasete sílabas. Así, a paisaxe vaise concentrando sobre si mesma nos versos mentres aparece tamén unha liña temática vinculada ó Eros xa que “*Noite e xasmín: / no xadrez dos amantes/ móvese a lúa*”. Delicados e sinxelos, en aparencia, os haikus desta autora conforman un cosmos sensitivo que nos lega unha maneira de vivir e entender o entorno próxima á filosofía zen da observación asombrada do universo.

Tempos Novos, 83, abril 2004, p. 72